

## DOMINGO XXIV ORDINARIO (B)

### PRIMEIRA LECTURA ( Is 50, 5-9a)

Lectura do Libro do Profeta Isaias

O Señor abriu o meu oído, e eu non me rebeleí, non me botei para atrás. Ofrecín o lombo ós que me azoutaban, e a miña cara ós que me arrincaban a barba. Non escondín a miña cara dos insultos e das cuspiñadas. Pero o Señor axudárame, por isto non me sinto avergonzado, e poño a miña cara coma un diamante, pois sei que non me avergonzarei. O que defende a miña causa está cerca. ¿Quen litigará comigo, cando comparezamos ante a comunidade? Quen traballa a miña xusta sentenza está detrás de min. O Señor axudárame: ¿quen será o que me declare culpable?

### SALMO RESPONSORIAL Sal 114, 1-2. 3-4. 5-6. 8-9

R/. (9): **Camiñarei na presenza do Señor na terra da vida.**

Ou: **Aleluia.**

Amo o Señor, porque escoita  
a miña voz suplicante,  
porque achega a min o seu oído  
no día en que o invoco.

Envolvíanme lazos de morte  
atrapáranme as redes do abismo,  
atopeime en apuro e aflicción.  
Invoquei o nome do Señor:  
"¡Señor, sálvame a vida!"

O Señor é xusto e clemente,  
o noso Deus é compasivo.  
O Señor garda os humildes:  
na miña febleza hame socorrer.

El librou da morte a miña vida,  
das bágoas os meus ollos,  
da caída os meus pés.  
Camiñarei na presenza do Señor  
na terra da vida.

**SEGUNDA LECTURA** (Sant 2, 14-18)

Lectura da Carta do Apóstolo Santiago

Irmáns benqueridos: ¿Que proveito lle trae a un dicir que ten fe, se non ten feitos? ¿Acaso o poderá salvar esa fe? Se un irmán ou unha irmá andan espidos e necesitados do pan de cada día, e vai un de vós e dilles: "ídevos en paz, quentádevos e fartádevos", pero non lles dá aquilo que lle cómpre ó seu corpo, ¿que proveito levan? Pois o mesmiño pasa coa fe: se non ten feitos, leva a morte na súa cerna. Pode dicir alguén: "ti te-la fe, eu teño os feitos". - Amósame a túa fe sen feitos que eu polos feitos heiche de amosa-la miña fe.

**EVANXEO** (Mc 8, 27-35)

Lectura do Santo Evanxeo segundo Marcos

Naquel tempo, ía Xesús cos seus discípulos cara ás aldeas de Cesarea de Filipo, e polo camiño preguntoulles: - ¿Quen di a xente que son eu? Eles responderon: - Uns, que Xoán Bautista; outros, que Elías; e outros, que algún dos profetas. El preguntoulles a eles: - ¿E vós, quen dicides que son? Respondeu Simón Pedro: - Ti e-lo Mesías. E prohibiulles diciren nada a ninguén. Entón, empezou a adoutrinalos dicíndolles: - O Fillo do Home ten que padecer moito e ser rexeitado polos sumos sacerdotes e polos letrados, e ser axustizado, e despois de tres días ha de resucitar. E dicíao con toda claridade. Entón Pedro levouno consigo e empezou a rifarlle. Pero Xesús deu a volta e, mirando cara ós seus discípulos, reprende a Pedro: - Camiña detrás de min, Satanás, que ti non considéras as miras de Deus, senón as dos homes. E chamou a xente onda os seus discípulos e díxolles a todos: - Se alguén quere vir detrás de min, que renuncie a si mesmo, que cargue coa súa cruz e que me siga. Pois o que queira poñer a salvo a súa vida, perderaa; pero quen perda a súa vida pola miña causa e pola do Evanxeo, ese poñeraa a salvo.